



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Proza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 160-2025.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 5 KM RUTA ABSOLUTO, SUB 18, SUB 20, SUB 23 E MÁSTER 2025

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o domingo 2 de novembro en O Barco de Valdeorras, o Campionato Xunta de Galicia de 5 km Ruta Absoluto, Sub 18, Sub 20, Sub 23 e Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas, de Sub 18 en diante, con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 27 de outubro.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase no Estadio Municipal de Calabagueiros – Pista de Atletismo Luis Nogueira. <https://maps.app.goo.gl/ETMXqGV2gyMo2kUh8>
 - o Sábado 1 de 19:00 a 20:00 horas.
 - o Domingo 2 de 09:30 a 10:30
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Horario, lugar de saída e tempo límite: [\[anexo co plano ao final do documento\]](#)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	PECHE CONTROL
10:25	10:50	11:00	11:40

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado.

Localización da saída: <https://maps.app.goo.gl/m7pYmem9EKNT4vZ97>



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.7).- Premios:

- A entrega de premios realizarase ás 13:00 horas.
- Os/as tres primeiros/as atletas Absolutos, Sub 18, Sub 20, Sub 23 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direccion tecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 26 de setembro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo

Plano da proba

- A proba celebrarase sobre un percorrido a 2 voltas homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

